

CONVOCATORIA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONES “SELLO DE EXCELENCIA ISCIII-HEALTH” 2022

No B.O.E. de data 15 de outubro do 2022 publicouse o Extracto de Resolución de 13 de outubro da Dirección do Instituto de Salud Carlos III pola que se aproba a convocatoria para o ano 2022 de concesión de subvencións “Sello de Excelencia ISCIII-HEALTH” da Acción Estratéxica en Saúde 2021-2023, baixo o PERTE para a Saúde de Vangarda e con cargo ós fondos europeos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. O texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións, con identificador BDNS : 653475

O obxecto desta resolución é a concesión de subvencións “Sello de excelencia ISCIII-HEALTH” pertencentes ao Subprograma Estatal de internacionalización do Programa Estatal para Afrontar as Prioridades da Nosa Contorna, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación para o período 2021-2023, a través de dúas actuacións:

a) **Proxectos ERC - “Sello de Excelencia ISCIII-HEALTH”**: Proxectos presentados ás convocatorias 2020 e 2021 do Consello Europeo de Investigación nas súas modalidades de «Starting Grants», «Consolidator Grants» e «Advanced Grants» avaliados positivamente (Calificación A) e considerados elegibles que por razóns orzamentarias non puideron ser finalmente financiados.

b) **Accións Individuais MSCA - “Sello de Excelencia ISCIII-HEALTH”**: Accións individuais do programa Marie Skłodowska-Curie Actions Individual Fellowships de Horizonte 2020 ou Marie Skłodowska-Curie Actions Postdoctoral Fellowships de Horizonte Europa, presentadas ás convocatorias 2020 e 2021 avaliadas cunha puntuación do 85% ou máis e que por razóns orzamentarias non puideron ser finalmente financiadas.

Con ámbalas dúas actuacións preténdese impulsar a internacionalización das actividades de I+D+i e contribuír ao avance do coñecemento para afrontar os desafíos que ten a investigación española, fomentando a participación de persoal investigador con traxectorias científicas prometedoras.

A contía total máxima de esta convocatoria é de 6.000.000€ que poderá ser incrementada nunha contía adicional de 5.000.000€.

O prazo de presentación de solicitudes é dende o **21 de outubro ata o 15 de novembro de 2022 ás 15 horas** (hora peninsular española).

No lateral dereito dispoñedes dun acceso á resolución, ao extracto da resolución e as fichas resumo da convocatoria.

LIGAZONS ASOCIADAS

Convocatoria de
Concesión de
Subvencións “Sello
de Excelencia
ISCIII-HEALTH
”2022

Extracto
Convocatoria de
Concesión de
Subvencións
“Sello de
Excelencia ISCIII-
HEALTH”2022

Fichas resumo da
Convocatoria